

ECOLOXIA FORESTAL e ordenación do bosque

Roxelio Pérez Moreira

EDICIÓS DO CASTRO, 1992

Nova entrega de Roxelio Pérez Moreira, que ven a ser unha ampliación dun seu libro anterior, naquela ocasión publicado e tamén secuestrado pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes. Unha boa ocasión para que todos teñamos acceso a unha publicación de excelente calidade textual e fotográfica sobre o monte e o forestal galego, tema que ven centrando a actividade do movemento ecoloxista nos últimos anos.

Unha das aportacións mais novedosas deste libro é que a cuestión forestal se aborda desde unha perspectiva ecolóxica. Primeiramente expón-se a ecoloxía das especies forestais na Galiza, comparando carballo, piñeiro e eucalipto, con capítulos específicos para cada unha destas árbores; despois trátanse os aspectos ecolóxicos do manexo e da ordenación forestal; e finalmente propón-se unha alternativa de silvicultura ecolóxica, baseada na aplicación de principios ecolóxicos no manexo e na ordenación do bosque.

Outros aspectos que destacan no libro son o da valoración da paisaxe, os modelos de ordenación do monte compatíbeis coa preservación da biodiversidade, así como unha minuciosa revisión bibliográfica con numerosas referencias a estudos feitos na Galiza

ESPECIES FRONDOSAS EN LA REPOBLACIÓN DE GALICIA


Vários autores

ACADÉMIA GALEGA DE CIÊNCIAS. SERVIZO DE PUBLICACIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO. 1992.

O libro recolle unha serie de conferencias, que organizadas pola Academia das Ciencias e patrocinadas pola Deputación lucense, abranxeron distintos aspectos sobre as especies frondosas e os bosques galegos. A pesar de que os contidos ali expostos non resultan, na súa maioría, novedosos para os coñecedores do tema forestal galego, non deixan por isto de ser interesantes e sobre todo recomendábeis a aqueles que descoñecen as enormes posibilidades productivas, e a enorme importancia ecolóxica das especies autóctonas.

Lendo este libro decatámonos que os ecoloxistas non estamos sós, xa que unha grande parte dos científicos deste país avalan as nosas posicións, a pesar de que moitas veces por temor a ficar fóra do reparto de preventas, ou simplemente por ser máis cómodo, manteñen-se calados. Daí a importancia que a divulgación debe ter no movemento de defensa da natureza, e daí a relevancia de ciclos de conferencias como este, que sen dúbida incrementarán as opinións favorábeis á compatibilización das funcións produtivas e ecolóxica dos nosos montes.

Agora ben, o libro ten tamén outra lectura: nel podemos apreciar claramente o lamentábel estado das investigacións sobre especies autóctonas no noso país, podendo ademais compará-lo cos programas desenvolvidos en Alemaña expostos polo Director do Instituto de Investigacións Florestais da Baixa Saxonia. É así moi significativo que, por exemplo, non dispoñamos de datos fiables sobre o crecemento das nosas árbores autóctonas, que sen dúbida en moitas zonas e para algunha especie, non deixarían de sorprendernos,



como así o fan os datos que proporciona J. GIMENEZ DE AZCARATE no seu traballo. Mais o mesmo autor reconece que carecen de valor estadístico e só teñen un carácter orientativo. Igualmente dá a impresión, que os planos de mellora xenética do castiñeiro están igual que na década dos '60, cando rematou o seu Plano de Rexeneración, así o Doutor VIEITEZ reconece que a fase posterior a este Plano, destinada a produción masiva de

plantas non se chegou a desenvolver como era necesario.

No libro destaca pola súa concisión e claridade a exposición do profesor J. IZCO, sendo aliás a única que recolle a indispensable relación de referencias bibliográficas, sendo inustificábel a súa ausencia numha publicación de carácter científico. E xa para rematar, salientaremos tamén a aportación de Don A. Fráguas, que dentro dumha exposición quizá caótica, non deixa de aportar datos interesantes sobre as árbores e a nosa historia.

OS RIOS GALEGOS

O longo das súas 331 páxinas, o libro describe, agrupandoos en cuncas, os ríos galegos, atendendo a aspectos xeomorfolóxicos, perfil lonxitudinal e rede fluvial, réxime hídrico, aproveitamentos hidráulicos,... Acompañanse ás descrições de mapas

MATERIAL BIBLIOGRAFICO SOBRE MEIO AMBIENTE QUE PODES PEDIR AO NOSO LOCAL

(para sócios/as cun desconto do 30%/)

Libros

- I Xornadas de Educación Ambiental (400 ptas.)
- Celulosas e Progreso (400 ptas.)
- Eucaliptos, Celulosas e o Forestal Galego (1.100 ptas.)
- Baldaio, espazo protexido (1.900 ptas.)
- Guia da Aves de Galicia (3.100 ptas.)
- Forgoselo, espazo natural (2.300 ptas.)

Revistas (números atrasados: 200 ptas.)

- Albadabranca, nº 1, 2, 3.
- Adegas, nº 1, 2, 3, 4, 5
- Cerna, nº 6


Dosiers/Follas

Informativas / Trípticos

- Vivir sen nucleares
- Roteiros ecolóxicos
- Reciclaxe de residuos e incineración
- Pola seguridade das nosas costas (o «Casón»)
- Celulosas na Galiza
- As nosas árbores
- Contaminación fluvial

das cuncas estudiadas, perfís dos colectores máis importantes, gráficos de caudais e algunhas fotografías en branco e negro de puntos de interese no percorrido dos ríos. O final de cada capítulo recóllense as fontes bibliográficas ás que nel se fan referencia.

Complétase o libro con dous capítulos iniciais referidos un á metodoloxía e fontes (variables de forma e tamaño das cuncas, variables topográficas, variables de réxime hídrico, etc...) e outro á hidrografía galega en xeral. Os apéndice finais aportan gráficos comparativos de distintos parámetros dos ríos colectores e cadros indicadores estadísticos empregados, ademais dun índice alfabético de todos os ríos mentados no traballo.



HISTORIA DE LA ECOLOGÍA. UNA CIENCIA DEL HOMBRE Y DE LA NATURALEZA

DELÉAGE Jean Paul,

BARCELONA, EDITORIAL ICARIA, 1993.

O físico Jean Paul Deléage é unha das mais sobranceiras figuras do movemento ecoloxista na Francia dos últimos anos. Este libro, xa traducido a varios idiomas, presenta unha boa panorámica das orixes teóricas e empíricas da ecoloxía actual. Deléage non se limita a describer os principais fitos e correntes que configuraron a disciplina senón que avanza a súa propia interpretación sobre dela. Neste sentido, refuga a consideración da ecoloxía como unha ciencia exclusivamente natural para a

apresentar como unha ciencia interdisciplinar, que ocupando-se de unha entidade unitaria, a biosfera, na que as sociedades humanas non só son unha parte senón que exercen unha influencia decisiva, ten que estudar a relación delas co conxunto convertindo-se tamén nunha ciencia social. O libro incluí unha bibliografía na que se avalian as obras comentadas, con notas engadidas polos tradutores, que constituen unha boa guía para os lectores interesados no tema.

LA SITUACIÓN EN EL MUNDO 1993. UN INFORME DEL WORLDWATCH INSTITUTE SOBRE DESARROLLO Y MEDIO AMBIENTE,

BROWN, Lester R., ed.,


Madrid, Ediciones Apóstrofe, 1993.

O Worldwatch Institute é unha Organización Non Gubernamental con sede en Washington adicada á realización de estudos sobre a problemática ecolóxica do planeta. A pesar de que o seu financiamento resulta bastante dependente de institucións tan pouco ecolóxicas como as Fundacións Ford ou Rockefeller, mantén unha bastante sana independencia de criterio e publica libros e informes de ampla influencia na opinión pública. De

todos eles o mais coñecido é sen dúbida o informe anual que comentamos, que comezou a súa andaina no ano 1984, e que desde hai dous anos ven sendo traducido e publicado en español polo Centro de Investigación para la Paz e a Fundación Hogar del Empleado.


La situación en el mundo, 1993 componse, como as edicións anteriores, dunha introdución xeral escrita por Lester Brown e dunha man de artigos independentes sobre algúns dos grandes problemas ecolóxicos do presente; os temas varían de ano en ano, pero sempre están tratados dun xeito serio e documentado. Este ano inclúen-se, entre outros, artigos sobre o rexurdimento do ferrocarril, comercio e medio ambiente, o problema da auga no mundo, así como un amplo apéndice sobre a situación dos recursos hídricos en España a cargo de Juan Manuel Ruiz.

Ano tras ano, o anuario que publican o CIP e a FHEM, mantén-se como unha das mais importantes e recomendábeis publicacións de tema medio ambiental, de extrema utilidade para calquera persoa que pretenda manter-se ao día sobre este tipo de temas. A fé algo extrema na economía de mercado para resolver os problemas medioambientais que profesan algúns dos colaboradores non mirra o valor nen o interese do conxunto do libro.



INFORMAMOS DE ONDE PODES CONSEGUIR PRODUCTOS ECOLOXICOS:

- Saúde
- Reciclaxe
- Alimentación
- Productos ecolóxicos
- Turismo Verde
 - Residuos e lixos
 - Limpeza e Cosmética
 - Cursos
 - Agricultura ecolóxica
 - Enerxías alternativas



988 - 238686

SE VDE. TRABALLA, COMERCIALIZA PRODUCTOS OU ORGANIZA ACTIVIDADES NO CAMPO DA ECOLOXIA, BEN COMO EMPRESARIO, PROFESIONAL OU INSTITUCION, POÑASE EN CONTACTO CONNOSCO

¡Este servicio interésalle!

Teléfono Verde. Servicio de información instantánea e gratuíta sobre medioambiente, medicinas alternativas, alimentación natural, productos ecolóxicos, calidade de vida